

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SOCIEDADE ANÓNIMA DE XESTIÓN DO PLAN XACOBEO E A SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA PARA A PROMOCIÓN DO CAMIÑO DE SANTIAGO DESDE AS ENTIDADES GALEGAS NO EXTERIOR.

Santiago de Compostela, 9 de febreiro de 2022

REUNIDOS

Dunha parte, a Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo, con CIF A-15348386, empresa integrada por capital público con domicilio social na estrada Santiago-Noia, km 3 (A Barcia) en Santiago de Compostela, representada neste acto por Alfonso Rueda Valenzuela, vicepresidente primeiro e conselleiro da Presidencia, Xustiza e Turismo, en calidade de presidente do seu Consello de Administración en virtude do establecido no artigo 17.2 dos estatutos da sociedade, publicados por Resolución do 10 de xuño de 2019, da Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda.

Doutra parte, a Secretaría Xeral da Emigración, representada neste acto por Antonio Rodríguez Miranda, secretario xeral da Emigración, nomeado mediante Decreto 140/2020, do 17 de setembro, e en virtude das facultades que lle confire a disposición adicional segunda do Decreto 109/2021, de 15 de xullo, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.

As partes comparecentes recoñécense mutuamente plena lexitimación, capacidade e representación para a sinatura deste convenio de colaboración e para estes efectos

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Conforme o previsto no artigo 7 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, as relacións entre os órganos da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia están suxeitas aos principios de cooperación, colaboración e asistencia recíprocas a fin de garantir a eficacia do sector público e o uso eficiente dos recursos públicos. Con esta finalidade, poden asinar convenios e protocolos de colaboración con outras administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas suxeitas ao dereito privado.

SEGUNDO.- A Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo, constituída o 13 de novembro de 1991, é unha sociedade anónima de capital público da Xunta de Galicia que comprende dentro do seu obxecto social, entre outras, as seguintes actividades:

- a) As relacións coas asociacións de amigos do Camiño de Santiago e entidades de promoción da cultura xacobeá, así como as propostas de actuacións no ámbito da promoción, mantemento e conservación do Camiño de Santiago.
- b) A planificación, programación, proposta, e, se é o caso, execución de actuacións para a promoción e organización dos actos que se desenvolvan con motivo dos anos santos xacobeos.
- c) O asesoramento aos distintos departamentos, entidades e comisións da Xunta de Galicia para o desenvolvemento das actuacións que leven a cabo con motivo dos anos santos xacobeos.

TERCEIRO.- A Secretaría Xeral da Emigración, de acordo co establecido no artigo 22 do Decreto 109/2021, do 15 de xullo, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ao que lle corresponden as competencias en materia de desenvolvemento da Lei 7/2013, do 13 de xuño, da galegitude, as relacións coas comunidades galegas no exterior, as políticas de emigración e retorno en Galicia e a representación e participación nos órganos e foros relacionados con estas que lle encomende a persoa titular da Presidencia da Xunta de Galicia.

CUARTO.- As comunidades galegas, os centros e as casas de Galicia no exterior son asociacións nas que tradicionalmente se reúnen as persoas emigrantes e as súas familias para manter vivos os costumes que nos son propios e reforzar os lazos sociais e culturais. Arredor destas asociacións reúnen un gran número de persoas galegas, que son as axentes principais a través das que Galicia fomenta a súa cultura. Nestas asociacións, que contan na súa maioría con instalacións propias, existe un crecente interese polo coñecemento do Camiño de Santiago.

Neste contexto, as partes asinantes coinciden en que é necesario xuntar esforzos e exercer unha colaboración que permita que a comunidade galega no exterior coñeza o Camiño de Santiago e o fenómeno do Ano Santo Xacobeo, e poida colaborar na súa promoción e difusión nos lugares nos que teñen a súa sede, mediante a súa adhesión voluntaria ás previsións deste convenio.

Por todo o exposto, e tendo en conta a sintonía de obxectivos e a complementariedade dos mecanismos concorrentes para a súa consecución, as partes asinantes formalizan o presente convenio de colaboración, que recolle as seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- *Obxecto*

Este convenio ten por obxecto instrumentar a colaboración da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo e da Secretaría Xeral da Emigración, coas entidades galegas no exterior que voluntariamente se adhiran a el para promover e difundir información sobre o Camiño de Santiago e sobre o fenómeno do Ano Santo Xacobeo como centros galegos promotores do Camiño de Santiago.

SEGUNDA.- *Adhesión voluntaria das entidades a este convenio*

1. Calquera entidade galega no exterior inscrita no Rexistro da Galegidade poderá, mediante a súa adhesión voluntaria a este convenio, acceder á colaboración prevista no seu marco.
2. As solicitudes e acordos de adhesión efectuaranse de acordo cos modelos que figuran nos anexos I e II respectivamente, e implicarán a aceptación de todas as cláusulas do presente convenio, sen posibilidade de reserva ou excepción.

TERCEIRA.- *Obrigas xerais das entidades adheridas*

As entidades que voluntariamente se adhiran a este convenio asumen as seguintes obrigas:

- Manter un punto de información sobre o Camiño de Santiago e o Ano Santo Xacobeo nun lugar idóneo e habilitado para estes fins.
- Poñer ao dispor do punto de información o persoal voluntario necesario con coñecementos adecuados para atender ás persoas interesadas.
- Difundir toda a información relacionada co obxecto deste convenio que lle facilite a Sociedade de Xestión do Plan do Xacobeo ou a Secretaría Xeral da Emigración.
- Colocar a sinalización que o identifica como centro galego promotor do Camiño de Santiago en lugar visible, axustándose as indicación técnicas facilitadas pola Sociedade de Xestión do Plan Xacobeo e a Secretaría Xeral da Emigración.
- Cumprir coa normativa de protección de datos recollida na cláusula undécima.

CUARTA.- *Obrigas das partes asinantes*

1. A Sociedade de Xestión do Plan do Xacobeo comprométese, respecto das entidades adheridas, a realizar as seguintes actuacións:

-Proporcionar todo o material informativo necesario para o desenvolvemento da función obxecto deste convenio.

-Formar a persoa ou persoas voluntarias que faciliten a información.

2. Pola súa parte, a Secretaría Xeral da Emigración obrígase ao seguinte:

-Dar publicidade da existencia deste convenio a través da súa páxina web e mediante comunicación directa a todas as entidades inscritas no Rexistro da Galegitude.

-Comprobar que as entidades que solicitan a adhesión constan no Rexistro da Galegitude

-Colaborar coa Sociedade de Xestión do Plan do Xacobeo na información ás entidades e nas relacións con elas para a execución da finalidade deste convenio, prestándolle apoio loxístico.

QUINTA .- Comisión de seguimento

Coa finalidade de posibilitar o desenvolvemento e a aplicación deste convenio de colaboración, creárase unha comisión de seguimento paritaria que estará integrada por catro persoas, dúas en representación da Secretaría Xeral da Emigración, que a presidirá, e dúas en representación da Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo. As persoas representantes da Secretaría Xeral da Emigración actuarán como canle para que as entidades adheridas poidan formular calquera cuestión a esta comisión.

A comisión terá as seguintes funcións:

- a) Facer o seguimento e control do desenvolvemento do convenio.
- b) Propoñer a interpretación e a resolución das dúbidas que se poidan suscitar na súa aplicación.

Está comisión actuará segundo o previsto no Capítulo II do Título Preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

SEXTA.- Inexistencia de relación laboral

A subscrición deste convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas que desenvolvan as accións que constitúen o seu obxecto coa Xunta de Galicia, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiaria.

SÉTIMA.- *Natureza xurídica*

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase polo previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e mais na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico; considérase excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 en virtude do establecido no seu artigo 6.

As discrepancias ou cuestións litixiosas que poidan producirse entre a Sociedade e a Secretaría Xeral da Emigración resolveranse nos termos previstos para os conflitos de atribucións no artigo 13 da Lei 16/2010, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

As restantes cuestións litixiosas que puideran xurdir, en particular coas entidades adheridas na súa interpretación e cumprimento, serán obxecto da xurisdición contencioso-administrativa.

OITAVA.- *Vixencia*

Este convenio terá unha vixencia de catro anos dende a data da súa sinatura. En calquera momento antes da finalización do prazo previsto anteriormente, as partes poderán acordar unánimemente a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

Para as causas de resolución e os seus efectos observarase o disposto nos artigos 51 e 52 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

NOVENA.- *Financiamento*

As actuacións previstas neste convenio non darán lugar a contraprestación económica ningunha entre as partes.

DÉCIMA.- *Publicidade*

A sinatura deste convenio leva implícito o consentimento expreso de todas as partes para ás obrigas de publicidade impostas pola Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

UNDÉCIMA.- *Protección de datos*

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación

destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, do Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da LOPD, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

En proba de conformidade ambas as dúas partes asinan dous exemplares deste convenio, no lugar e data sinalados no encabezamento.

O representante da Sociedade de Xestión
do Xacobeo

O secretario xeral da Emigración

Alfonso Rueda Valenzuela

Antonio Rodríguez Miranda

ANEXO I

MODELO DE ADHESIÓN AO CONVENIO DE COLABORACIÓN SUBSCRITO ENTRE A SOCIEDADE ANÓNIMA DE XESTIÓN DO PLAN XACOBEO E A SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA PARA A PROMOCIÓN DO CAMIÑO DE SANTIAGO DESDE AS ENTIDADES GALEGAS NO EXTERIOR

Don/dona (nome e apelidos representante), presidente/a de (nome da entidade), actuando no seu nome e representación en virtude das facultades conferidas polos estatutos da entidade

DECLARA:

Que (nome da entidade) acordou con datade de, solicitar a adhesión ao convenio de colaboración suscrito entre a Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo e a Secretaría Xeral da Emigración da Xunta de Galicia para a promoción do Camiño de Santiago desde as entidades galegas no exterior.

MANIFESTA:

A vontade de (nome da entidade) de adherirse formal e expresamente a todas e cada unha das cláusulas do convenio mencionado, asumindo as obrigas e compromisos que del se derivan e con suxeición plena a todas elas.

(Lugar, data e sinatura)

ANEXO II

MODELO DE FORMALIZACIÓN DA ADHESIÓN AO CONVENIO DE COLABORACIÓN SUBSCRITO ENTRE A SOCIEDADE ANÓNIMA DE XESTIÓN DO PLAN XACOBEO E A SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA PARA A PROMOCIÓN DO CAMIÑO DE SANTIAGO DESDE AS ENTIDADES GALEGAS NO EXTERIOR

Don/dona (nome e apelidos), secretario/a xeral da Emigración, en virtude das facultades que lle confire a disposición adicional segunda do Decreto 109/2021, do 15 de xullo, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.

Don/dona (nome e apelidos representante), presidente/a de (nome da entidade), actuando no seu nome e representación en virtude das facultades conferidas polos estatutos da entidade.

DECLARAN:

Primeiro.- Que con data de de 2022 asinouse o convenio de colaboración suscrito entre a Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo e a Secretaría Xeral da Emigración da Xunta de Galicia para a promoción do Camiño de Santiago desde as entidades galegas no exterior.

Segundo.- Que con data de de (nome da entidade), entidade inscrita no Rexistro da Galeguidade, presentou a solicitude de adhesión ao convenio, regulada na súa cláusula segunda.

Por todo o exposto,

MANIFESTAN:

Primeiro.- Que a través deste acto se formaliza a adhesión de (nome da entidade) ao convenio de colaboración suscrito entre a Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo e a Secretaría Xeral da Emigración da Xunta de Galicia para a promoción do Camiño de Santiago desde entidades galegas no exterior, o que o acredita como centro promotor do Camiño de Santiago.

Segundo.- Que (nome da entidade), asume con esta adhesión as obrigas e compromisos derivados de todas e cada unha das cláusulas do convenio mencionado, con suxeición plena a todas elas.

(Lugar e data)

O secretario xeral da Emigración

O/a presidente/a da entidade

(Nome e apelidos)

(Nome e apelidos)